



# XXV TRAVESÍA A NADO PRAIA DE COROSO '18 RIVEIRA



## REGULAMENTO

PROBA PUNTUABLE PARA O CIRCUITO GALEGO DE AUGAS ABERTAS 2018

**ORGANIZA:** CLUB NATACIÓN RIVEIRA E FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

**COLABORA:** CONCELLO DE RIVEIRA

**LUGAR, DATA E HORA:**

LUGAR: RIVEIRA (PRAIA DE COROSO)

DATA: MÉRCORES 15 DE AGOSTO 2018

RECOLLIDA DORSÁIS: DENDE 09.30 ATA 45' ANTES DE CADA SAÍDA

HORA: 11.00 HORAS



## 1. CATEGORÍAS E DISTANCIAS:

CATEGORÍA	MASCULINA E FEMENINA	DISTANCIA
A	NADOS 2007 E POSTERIORES	400 METROS
B	NADOS 2006 E 2005	1250 METROS
C	NADOS 2003 E 2004	1250 METROS
D	NADOS 2001 E 2002	1250 METROS
E	POPULAR NADOS 2000 E ANTERIORES	1250 METROS
F	ÉLITE 2004 E ANTERIORES CON LICENCIA FEDERATIVA DE NATACIÓN ( NO MASTER ) PROBA PUNTUABLE CIRCUITO GALEGO AUGAS ABERTAS	2500 METROS
G	MASTER 1 NADOS 1998 A 1984 PROBA PUNTUABLE CIRCUITO GALEGO AUGAS ABERTAS	2500 METROS
H	MASTER 2 NADOS 1983 A 1969 PROBA PUNTUABLE CIRCUITO GALEGO AUGAS ABERTAS	2500 METROS
I	MASTER 3 NADOS 1968 A 1954 PROBA PUNTUABLE CIRCUITO GALEGO AUGAS	2500 METROS
J	MASTER 4 NADOS 1953 E ANTERIORES PROBA PUNTUABLE CIRCUITO GALEGO AUGAS ABERTAS	2500 METROS

## 2. PERCORRIDOS:

- O percorrido das categorías B, C, D, E, será de 1 volta o círculo.
- Categorías F, G, H, I, J, será de 2 voltas o círculo.
- Categoría a ( 400 metros) será a 1 volta entre dúas balizas facendo un triángulo.
- Os horarios de saídas aproximadas serán as seguintes:
- Saída categorías B, C, D, E ( 1250 metros ): 11.00 horas
- Saída categorías F, G, H, I, J ( 2500 metros ): 11.45 horas
- Saída categoría a ( 400 metros ): 12.45 horas
- Entrega de premios: 13.30 horas

## 3. PREMIOS:

Categoría A: trofeo os tres primeiros clasificados masculino e feminino e medallas a todos que rematen a proba.

Categoría B, C, D, E: trofeos os tres primeiros clasificados masculino e feminino

Categoría F, G, H, I, J: trofeo os tres primeiros clasificados masculino e feminino.



- Optarán a premio en metálico os cinco primeiros clasificad@s na proba de 2500 metros masculino e feminino.

- 1º **CLASIFICAD@: TROFEO E 150 EUROS**
- 2º **CLASIFICAD@: TROFEO E 100 EUROS**
- 3º **CLASIFICAD@: TROFEO E 75 EUROS**
- 4º **CLASIFICAD@: 50 EUROS**
- 5º **CLASIFICAD@: 25 EUROS**

- Trofeo ao nadador de maior idade e ao máis novo.

#### 4. REGULAMENTO DA PROBA E DE BAÑADORES:

A proba rexeráse pola Normativa FINA de Augas Abertas, pola Normativa de Competición de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

A proba estará controlada polo comité de árbitros da Federación Galega de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenrolo da mesma.

A proba estará incluída dentro do Circuito Galego de Augas Abertas.

\*\* Para as competicións en Augas Abertas cunha temperatura de **auga desde 20 ºC** os traxes de baño tanto para homes coma mulleres non poderán cubrir o colo, nin se estenderá máis alá dos ombros, nin por debaixo dos nocellos. Neste caso coas condicións especificadas os traxes de baño para competicións de Augas Abertas deberán ser feitos cos mesmos requisitos aplicables os traxes de baño usados en piscinas. A partires do 1 de xaneiro de 2017 para as competicións de Augas Abertas con unha temperatura da auga **por debaixo de 20 ºC**, homes e mulleres poderán utilizar traxes de baño téxtiles ou térmicos (wetsuits). Cando a temperatura da auga sexa **inferior a 18 ºC**, o uso de traxes de baño térmicos é obrigatorio. No que se refire a esta normativa, os «wetsuits» son traxes de baño feitos de materiais que proporciona illamento térmico. Estes traxes de baño para homes e mulleres cubrirán completamente o peito, costas, ombros e xeonllos. Non se estenderán máis alá do colo, os pulsos e os nocellos. Estas normas serán tamén de aplicación nas competicións máster de Augas Abertas.

Dita normativa será de rigorosa aplicación, a efectos de puntuación do XV circuito Galego de Augas Abertas, para os nadadores que estean inscritos en dita competición. Proba de 2500 m.

Os nadadores das probas de 2500 m que non desexen puntuar no Circuito Galego de Augas Abertas e todos os que participen nas probas de 1250 e 400 m poderán nadar sen neopreno, no caso de que a temperatura da auga, sexa inferior a 18º, optando a premios en todas as distancias.

Así mesmo os nadadores que o consideren poderán participar con neopreno con independencia da temperatura da auga, clasificando pero sen optar a premios.

#### 5. INSCRIPCIÓNS:

CATEGORÍAS	Ata o 1 de Agosto	do 02 ata o 13 de Agosto
A ( 400 METROS )	3 EUROS	4 EUROS
RESTO CATEGORÍAS	9 EUROS	12 EUROS



A devolución de chip+portachip é obrigatoria. Cada chip+portachip non devolto ten un custo de 12 euros. As inscricións poden facerse a partir do Venres 15 de xuño de 2018 e ata o Luns 13 de agosto de 2018 as 23:59 na páxina web de Prueba-t

**A inscrición inclúe:**

- Cronometraxe por chip.
- Seguro de accidentes para cada participante.
- Camiseta conmemorativa do evento.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Avituallamento.

**6. SEGURIDADE:**

Durante todo o percorrido da proba contarase coa colaboración de protección civil, lanchas xuíces e socorristas.

**7. FINAL:**

A inscrición supón a conformidade do presente regulamento.